

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE NOVEMBRO DE 2021

### 1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/749/2018.

#### **Desestimar Recurso de Reposición**

Acórdas DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por un particular contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de 24 de xuño de 2019 ao non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recorrido, que se mantén en todos os seus termos. O citado acordó denegaba a legalización da ampliación de vivienda situada no Lugar de Ponte Sarela.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1557/2019.

#### **Rectificación Licenza de Segregación.**

Acórdase RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela de 18 de outubro de 2021 no sentido de aclarar e para facer constar que onde di

“.....Parcela Avda. Rosalía de Castro

☐ *Parcela resultado fronte Avda. Rosalía de Castro nº 120: Superficie bruta de 122 m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 2 Cuarteirón. Plano Ordenación I 28. Terreo que ocupa a casa de Rosalía de Castro num 22 e a franxa de terreo posterior á mesma, comprendida entre unha liña de 15m, parella á Avda Rosalía de Castro e dita casa”*

debe dicir .....Parcela Avda. Rosalía de Castro

☐ *Parcela resultado fronte Avda. Rosalía de Castro nº 122: Superficie bruta de 122 m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 2 Cuarteirón. Plano Ordenación I 28. Terreo que ocupa a casa de Rosalía de Castro num 122 e a franxa de terreo posterior á mesma, comprendida entre unha liña de 15m, parella á Avda Rosalía de Castro. ”*

### 3. PLANEAMENTO. Referencia: PLA/13/2018.

#### **Solicitud de inicio de avaliación ambiental do Plan parcial do solo urbanizable non delimitado número 4 (SUND-4). Rebordaos**

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan parcial do SUND-4 (Rebordaos), formulado por iniciativa particular de LUIS GIGIREY Y OTROS CB.

A solicitude achegarase do Documento ambiental estratéxico e do Borrador do plan presentados o 8 de setembro de 2021, elaborados por ANAYA ARQUITECTOS.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

A adopción do presente acordo non leva implícita a aprobación da proposta de ordenación que se contén no Borrador do plan, a cal poderá modificarse no proxecto que se someta a aprobación inicial con suxeición ao que resulte do informe ambiental estratéxico.

#### **4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033801A.**

**Aprobación do expediente denominado Execución das obras do proxecto "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e acceso ao conxunto parroquial da Barciela" (POS+ 2018 / Adicional 1 / 2ª fase) e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Execución das obras do proxecto "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e acceso ao conxunto parroquial da Barciela" (POS+ 2018 / Adicional 1 / 2ª fase) e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de **181.954,67 euros**, IVE incluído (150.375,76 euros + IVE 21% que ascende a 31.578,91 euros).

Segundo: Aprobar o gasto preciso para o financiamento deste contrato con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2018 2 PPROV 35 5 INVESTIMENTOS DEPUTACION "PLAN UNICO DE CONCELLOS"

#### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037882J.**

**Aprobación de inicio de procedemento de licitación e autorización de gasto do Expediente "Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Alfredo Vicenti (CON/53/2021)".**

Acórdase aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da "Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Alfredo Vicenti (CON/53/2021)", abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **85.000 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Imponible de 70.247,94 euros e IVE 21% de 14.752,06 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 2021 2 PARQU 6 1 REMODELACIÓN DE PARQUES E ÁREAS DE XOGO.

#### **6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042637F.**

**Aprobación de inicio de procedemento de licitación e autorización de gasto do expediente CON/36/2021 Concesión de uso privativo do dominio público das arquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria.**

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas e mupis urbanos do Concello de Santiago de Compostela para a súa explotación publicitaria, abrir o procedemento de adxudicación. O canon anual que deberá abonar o concesionario será o que conste na oferta que resulte adxudicatario, correspondéndose o tipo mínimo anual da licitación á cantidade total de **92.000,00 €**. O canon ten carácter de taxa e, polo tanto, non está suxeito a IVE consonte o disposto no artigo 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido

#### **7. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 5 AYTOS.**

**CONVALIDACIÓN omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, SLU en concepto de mantemento do aplicativo SICALWIN correspondente do 1 AO 12 de maio de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMO (845,81 €), segundo a factura F/2021/3032 que figura no expediente, en concepto de mantemento do aplicativo sicalwin correspondente ao período do 1 ao 12 de maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **8. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 7 TELEFONICA.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía mobil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención o usuario (CAU) correspondentes aos meses de abril e maio de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación co este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA MIL CENTO DOUS EUROS CON COARENTA E TRES CÉNTIMOS (30.102,43 €), segundo se detalla na relación contable de facturas S/2021/108, e que comeza pola número F/2021/1945 por importe de 11.718,91 euros e finaliza pola número F/2021/2512 por importe de 6.64,61 euros que figura no expediente, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (Telefonía fixa, telefonía móbil, comunicación de datos e servizos adicionais ) e servizo de centro de atención ó usuario (CAU) correspondentes aos meses de abril e maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **9. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 6 UTE TELEFONICA.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES ESPAÑA correspondente ao mes de xuño de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZAOITO MIL TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (18.383,52 €), segundo se detalla na relación contable de facturas S/2021/132, e que comeza pola número F/2021/3145 por importe de 11.708,91 euros e finaliza pola número F/2021/3146 por importe de 6.664, 61 euros, que figura no expediente, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicación de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención o usuario (CAU) correspondentes ao mes de xuño de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **10. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00044294P.**

**Convenio de colaboración para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro. Ano 2021.**

Acórdase a:

- Aprobación da concesión directa de subvención ao IES Rosalía de Castro, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- A aprobación do gasto por importe de **6.208,00 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001.
- Aprobación do texto do Convenio entre o Concello de Santiago e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional.

#### **11. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00046434D.**

**Aprobación do texto do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela- Programa Universitario de Maiores, IV ciclo.**

Acórdase a:

- Aprobación da concesión directa de subvención á Universidade de Santiago de Compostela, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- A aprobación do gasto por importe de 1.000,00 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002.
- Aprobación do texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o Programa Universitario para Maiores, IV Ciclo.

## **12. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0054.**

### **Dación de conta á Xunta de Goberno Local do veredicto do xurado da XIII Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.**

Acórdase tomar coñecemento do veredicto do xurado da XIII Edición dos Premios Educacompostela 2021, que nesta edición recaeron nos seguintes traballos:

**PRIMEIRO PREMIO** ao traballo MALETA DE EMERXENCIAS PEDAGÓXICAS: MATERIAIS DIDÁCTICOS EN AULAS HOSPITALARIAS, presentado por Yésica Teijeiro Bóo, Jesús Rodríguez Rodríguez, Tania Caamaño Liñares, Antía Cores Torres, Ana Rodríguez Groba (da Facultade de Ciencias da Educación da USC); María Pilar Porta Rodríguez (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) e María Elena Sobrino Fernández (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). Importe do premio: 1.200,00 euros.

**SEGUNDO PREMIO** ao traballo SEMENTAR DIÁLOGOS, presentado por María del Mar Santiago Arca. Importe do premio: 900,00 euros.

**TERCEIRO PREMIO** ao traballo AFONSOREPORTEIROS, presentado por María Isabel González Piñeiro. Importe do premio: 600,00 euros.

## **13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018153H.**

### **Corrección dos erros detectados no acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2021.**

Acórdase:

- Incluir as referencias ás festas Ascensión a carón das Apóstolo no convenio entre GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela para a celebración das festas do 2021.

- Corrixir a cláusula terceira do convenio que queda coa seguinte redacción:

*TERCEIRA.- GADISA aporta como colaboración para este concepto a cantidade de 6.000 euros máis IVE previa emisión da factura correspondente por parte do Concello de Santiago que irán destinados integramente a sufragar gastos correspondentes as festas da Ascensión e do Apóstolo e que serán ingresados na conta ABANCA número ES58 2080 0300 8731 1004 3525 previa presentación da factura correspondente.*

## **14. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00004994H.**

### **Aprobación da liquidación definitiva do exercicio 2020. Convenio Concello de Santiago-Fundación Granell.**

Acórdase:

Aprobar a liquidación definitiva do orzamento correspondente ao exercicio 2020 presentada pola Fundación Eugenio Granell, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio asinado no seu día dando cumprimento á súa correcta xustificación.

## **15. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: Validación expediente nomeamento letrado/a.**

### **Proposta relativa ás conclusións do informe de intervención municipal número 1074/2021, sobre proposta de resolución de concurso específico para a provisión de posto de traballo de letrado/a da asesoría xurídica do concello. EXPTE 42462Q.**

Acórdase a validación do citado expediente.

**16. INFORMÁTICA. Referencia: INX-110-2021.**

**Designación da Unidade responsable de Accesibilidade do Concello de Santiago de Compostela en cumprimento do Real Decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do Sector Público.**

Acórdase:

Primeiro. Designar como Unidade Responsable de Accesibilidade (URA) do Concello de Santiago de Compostela, nos termos que establece o Real Decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público, á seguinte unidade:

- Denominación: Servizo de Informática
- Concellaría: Modernización da Administración Local
- Código DIR3: O00028565
- Enderezo, teléfono e correo electrónico de contacto:
  - o Praza do Obradoiro 1, 15705, Santiago de Compostela.
  - o 981542400
  - o URA@santiagodecompostela.gal.
- Titular da unidade designada:
  - o Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de Informática

Segundo. Dar traslado da resolución ao Observatorio da Accesibilidade Web, do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, polo procedemento que esta ten establecido.

**17. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00048178M.**

**Transmisión da caseta da praza de abastos número MC004 a favor de Soraya Gude Pombo, por xubilación do seu pai, Domingo Alfonso Gude Ferreiro, titular legal da mesma.**

Acórdase:

1. Autorizar a transmisión da caseta da praza de abastos número MC004 por xubilación de seu pai, titular legal da mesma.
2. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da praza de abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

**18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00038625C.**

**Dación de contas da sinatura do convenio de colaboración entre a Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Área Empresarial do Tambre con documento oficial de identificación ESG15037112 e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 25/10/2021 acordou a aprobación do texto do convenio coa Asociación Área Empresarial do Tambre así como a aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 50.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2021.

**19. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00023326Q.**

**Dación de contas da Alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela con documento oficial de identificación ESQ1573004G e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 25/10/2021 acordou a aprobación do texto do convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela así como a aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 75.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2021.

**20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046773A.**

**Dación a Xunta de Goberno de sentenza recaída no PO 400/\*2020 CA1.**

Demandantes: Autobuses Urbanos de Lugo SA

Obxecto: Resolución do 28 de xullo de 2020 que aproba o recoñecemento extraxudicial de créditos das débedas contraídas por importe 274.031,31 euros.

Contía: 19.260,99 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A demandante reclamaba a corrección dun erro material na liquidación, tendo en conta a inexistencia do “compromiso de viaxeiros” para o 2019; debendo obrigarse ao Concello a realizar a enquisa de calidade.

Con respecto á primeira petición, o Xulgado estímaa, atendendo á documentación presentada, recoñecéndose á demandante un saldo ao seu favor de 1.180,08 euros.

En canto aos outras peticións, o xulgado recorda que o servizo ven prestándose “fora de contrato”, ao abeiro dunha orde de continuidade que establecíase “nos mesmos termos”; orde que, lembra, non foi recorrida pola demandante.

Así, a tese defendida polo Concello está avaliada pola STSX do 21.05.2021, polo que o compromiso de viaxeiros é aplicable. Polo que deben desestimarse as pretensións sobre dito compromiso e a enquisa de calidade.

Por último, con respecto á reclamación dos xuros de mora, o xulgado resolve que só proceden os legais –tal e como aparece no contrato-; e ademais sobre a cantidade de 1.180,08 euros, e non os derivados do principal de 17.980,91 euros do compromiso de viaxeiros.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Á vista de canto antecede, acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Dirección de Área de servizos para a súa execución.

**21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046769E.**

**Dación de conta á XGL da sentenza recaída no recurso de apelación 4084/2021, do PO 226/2018 CA2.**

Obxecto: orde de retirada de tubeira por riba da cuberta do inmoble.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. Remitir ao Servizo de licenzas e disciplina para a súa execución.

**22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046754F.**

**Dación de conta á XGL da sentenza recaída no procedemento PA 132/2019 CA1.**

Obxecto: multa por non identificar ao condutor autor da infracción. Contía: 600 euros

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O xulgado aprecia que os intentos de notificación do requirimento foron correctamente realizados, dende a perspectiva da Lei de procedemento. Pero ao practicarse a través do servizo postal de Correos –e non de axente notificador municipal-, tamén deben cumprirse os requisitos do artigo 42 do RD 1829/1999. Así, ao non constar cubertas as caixas 8 e 9, o xulgado entende que non foron cumpridos todos os requisitos, o que implica a nulidade das notificacións, e conseguinte nulidade da sanción por non identificar ao condutor.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:



1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

**23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046753Y.**

**Dación á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA 240/2021 CA2.**

Obxecto: multa coercitiva de 1500 euros pola non execución das obras urxentes de estabilización do muro do Pazo de San Lourenzo.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza estima o recurso ao entender que as actuacións ordenadas no Decreto do 17.06.2020 foron parcialmente executadas polos interesados; considerando que dita finalidade foi cumprida, polo que a multa debe ser anulada e deixada sen efecto.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de licenzas e disciplina para a súa execución.

**24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046749W.**

**Dación de conta á XGL da sentenza recaída no procedemento PA 436/2019 CA1.**

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 282,75 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O xulgado desestima o recurso, estimando a excepción procesual de falta de lexitimación activa formulada polo Concello, porque o vehículo estaba a nome doutra persoa que a demandante identificou como o seu marido; o xulgado non nega lexitimación se consta acreditado que o vehículo pertencese á sociedade conxugal; pero ao non existir esta proba, non admite o recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Vicesecretaría para o seu coñecemento.

**25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046745K.**

**Dación á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA 097/2021 CA2.**

Obxecto: desestimación por silencio do pase á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público (incompatibilidade) dende unha praza ocupada como funcionaria interina.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza resolve en primeiro lugar que, ao abeiro da doutrina do Tribunal Supremo e dos TSX de Valencia e Canarias, a solicitude de excedencia non pode entenderse estimada por silencio administrativo.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

**26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00046766L.**

**Dación á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PA 200/2019 CA1.**

Obxecto: desestimación recurso contra dilixencia de embargo no expediente executivo 53261.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. O embargo traía causa na liquidación dunhas obras para levar a cabo a execución subsidiaria polo Concello. Os demandantes sostiñan que a orde de execución estaba executada polo que, equiparándose a execución ao “pago”, era oponible fronte ao embargo a causa de “pago da débeda”.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de licenzas e disciplina para o seu coñecemento e execución.

## **27. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00048367X.**

### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 22 ao 28 de outubro de 2021.

## URXENCIAS

### **28. Aprobación da modificación das bases das axudas "bonos corazón Compostela", ampliando a 3 os bonos por beneficiario, creando 2 novos bonos de importe inferior a 75 € e ampliando o importe do gasto por establecemento dos 6.250 € aos 10.000 €. Referencia. 2021/00034472F**

Acórdase:

**Primeiro.**- Modificación do primeiro, segundo e sétimo parágrafo da base 6ª da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela a través dos bonos Corazón Compostela, que queda redactada como segue:

*Base 6: Valor dos bonos, contía da subvención e orde de imputación das compras ou consumos realizados*

*6.1. Establécense tres modalidades de bonos:*

*Bonos cun valor de 75 euros (IVE incluído).*

*Bonos cun valor de 50 euros (IVE incluído).*

*Bonos cun valor de 30 euros (IVE incluído).*

*6.2. Os bonos estarán cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago e nun 60% pola persoa solicitante.*

*(...)*

*6.7. Cada persoa poderá solicitar e obter ata tres bonos. A persoa solicitante poderá escoller libremente entre calquera das tres modalidades de bonos dispoñibles e solicitar e obter máis dun bono da mesma modalidade.*

**Segundo.**- Modificación do primeiro, segundo e sétimo parágrafo da base 16ª da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela a través dos bonos Corazón Compostela, que queda redactada como segue:

*Base 16: Condicións de uso dos bonos*

*16.1. Cada persoa beneficiaria disporá de ata tres bonos. A persoa poderá escoller libremente entre calquera das tres modalidades de bonos dispoñibles e solicitar e obter máis dun bono da mesma modalidade. Os bonos poderán ser usados nun ou en varios dos establecementos adheridos ao programa.*

*16.2. Existen tres modalidades de bonos, consonte o establecido no parágrafo 1 da base 6ª.*

*(...)*

*16.7. O importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento comercial ou hostaleiro é de 10.000,00 € (IVE incluído).*

*(...)*

**Terceiro.**- Estas modificacións entrarán en vigor ás 9h da mañá do mesmo día da súa publicación no BOP de A Coruña.

### **29. Dación de conta á Xunta de Goberno Local do Decreto de desistimento recaído no procedemento PA 264/2020 CA2.**



Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición interposto polo obrigado tributario contra a Resolución da Concelleira Delegada de Economía e Facenda de 23.01.2019, pola que se acordan unha serie de devolucións derivadas de alteracións catastrais.

O decreto do LAX é FAVORABLE para os intereses municipais, pois dispón a terminación do procedemento por desistencia da parte demandante, ao terse recoñecidas as cantidades reclamadas —salvo os intereses de demora— na resolución expresa do recurso de reposición, que se ditou con posterioridade á interposición da demanda.

Contra o decreto de arquivo do procedemento por desistencia cabe recurso de revisión no prazo de cinco días, pero ao ser favorable, non resulta procedente a súa interposición.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de revisión.
3. Remitir a Tesourería para os efectos da súa execución.

### **30. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 274/2021 CA2.**

Obxecto: Desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 17.894,31 €, polos danos derivados da caída no tramo peonil entre as rúas Varsovia e Bruxelas como consecuencia de baldosas levantadas.

A sentenza é PARCIALMENTE FAVORABLE para os intereses municipais, pois ao terse acreditada a realidade da caída e a existencia de nexo causal, o informe pericial aportado pola aseguradora do Concello e máis as alegacións da defensa deste, permitiron reducir a indemnización inicialmente solicitada á cantidade de 3.477,30 € máis intereses, evitando, deste xeito, a condena nas custas procesuais.

A sentenza é firme, polo que non procede recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir a Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

### **31. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 285/2021 CA2.**

Obxecto. Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados ao vehículo con matrícula 2282-KPX ao circular pola rúa Eslovenia e introducir a roda nunha fochanca. O importe reclamado e xustificado coa factura do taller era de 400 euros por parte da aseguradora e 554,40 por parte do propietario do vehículo.

A sentenza é desfavorable para os intereses municipais, posto que estima na súa totalidade a demanda.

A sentenza é firme, polo que non procede interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir a Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

### **32. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 50/2021 CA2.**

Obxecto: Resolución da Concelleira Delegada de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local nº 2020/8445 de 26.11.2020, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a Liquidación de IIVTNU por importe de 14.422 euros como consecuencia da transmisión *mortis causa* — 24.03.2017— dun inmovible situado na rúa Ramón Cabanillas.

A sentenza é FAVORABLE para os intereses municipais, ao desestimar na súa integridade o recurso contencioso-administrativo.

A parte recorrente, cuxo interese lexítimo foi admitido polo xulgado ao ter aboado o A sentenza acolle a argumentación esgrimida pola defensa do Concello —e non considerados na resolución recorrida— consistente en que, a pesar da transmisión do inmovible á

devandita fundación na escritura de partición da herdanza, os herdeiros considéranse propietarios dende o falecemento do causante en aplicación do artigo 440 Cc, ao non tratarse dun legado de cousa específica, regulado no artigo 882 Cc.

A sentenza é firme, polo que non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir a Tesourería para os efectos da súa execución.

### **33. Dación á Xunta de Goberno de sentenza recaída no PO 419/2019 Social 4**

Obxecto: fraude de lei na contratación como ADL.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en casación.

A demandante viña de suplicar o seguinte:

1. Que o contrato de traballo, subvencionado pola Xunta, como ADL fora celebrado en fraude de lei. Consecuencia: declaración como persoal laboral indefinido non fixo.
2. Tendo en conta que para dita contratación a interesada superou un proceso selectivo: a declaración como persoal laboral fixo.
3. O dereito a percibir a paga de produtividade.
4. O dereito a percibir as axudas sociais.

O Xulgado do social nº 4 viña de desestimar todas as pretensións. Recorrida a sentenza en suplicación, a Sala do social do TSX estima en parte o recurso:

1. Declara á recorrente persoal laboral indefinido non fixo, por fraude na contratación:
  - a. Porque no contrato de traballo non se recollía a obra ou servizo coa precisión e claridade esixidas, o que impedía deducir a súa temporalidade. As funcións enumeradas na Orde da Xunta non describen unha obra ou servizo determinado.
  - b. Porque dita obra ou servizo non tiña autonomía nin sustantividade propia, xa que o Concello conta con outros ADL.
2. Non a declara persoal laboral fixo: aplicando outra xurisprudencia, para tal declaración é necesario participar nun proceso dirixido a prover unha praza en propiedade, o cal non é o presente caso.
3. Ao deixar de ser persoal subvencionado e pasar a ser laboral indefinido non fixo propio do Concello, ten dereito á paga de produtividade.
4. Desestima a petición de axudas sociais, ao non quedar acreditados os feitos sobre as que son solicitadas.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación en unificación de doutrina.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución

### **34. Informe Proposta de Recepción parcial “Execución das obras recollidas no proxecto de renovación do céspede sintético do campo de fútbol do Sergas”.**

Acórdase que se autorice o inicio de trámites para proceder a recepción parcial das obras de “Execución das obras recollidas no proxecto de renovación do céspede sintético do campo de fútbol do Sergas”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 28 de outubro de 2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

**35. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Á XGL para acordo de aprobación de inicio de procedemento de licitación e autorización de gasto do Expediente denominado “Curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (CON/50/2021)”.**

Acórdase aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación da “Curso de formación de acollida de bombeiros de nova incorporación para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (CON/50/2021)”, abrir o procedemento de adxudicación e autorizar un gasto total por importe de **61.505,09 euros** (non aplica IVE) que se imputará á aplicación orzamentaria 060-13600-22606 Proxecto 2021 3 UNESP 21.

**36. Proposta de rectificación do acordo de 8/10/2021 do expediente “Execución das obras de rehabilitación do firme na vía de Edison (CON/45/2021- 2021/00035764B)**

Acórdase rectificar o acordo de 8/10/2021 nos seguintes termos:

1.- Adxudicarlle, por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa, o contrato de referencia a ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL, que:

- oferta un 26,21 % de baixa sobre o cadro de prezos unitarios incorporado ao proxecto. Non obstante, o orzamento de licitación autorizado para este contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización de tarefas definidas no proxecto consonte o establecido na cláusula 6 do PCAP.
- compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos.
- compromete un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e no programa de actuación ambiental.

2.- Comprometer un gasto por importe de **120.000 euros** que se imputa á aplicación orzamentaria 040 15321 6190005 2021 2 EDISO 61 1.

O financiamento desta actuación forma parte do programa de Axudas encamiñadas á habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.